



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A CISTERCIENSE ORDEN SANTA MARÍA DE SOBRADO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS PARA A CONSERVACIÓN DO CLAUSTRO GRANDE DO MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE SOBRADO. SOBRADO (A CORUÑA).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural formalizou ca Cisterciense Orden Santa María de Sobrado, o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata a completa finalización das obras e, en todo caso, non superior a catro anos.

Que o instrumento convenial ten por obxecto: regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Cisterciense Orden Santa María de Sobrado posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das obras de conservación do Claustro Grande do Mosteiro de Santa María de Sobrado (A Coruña).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial asinado se fundamenta no seguinte:

O mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes foi declarado ben de interese cultural con categoría de monumento polo Decreto do 3 de xuño de 1931 (GAC 04.06.1931) e dende o ano 2015 está incluído na declaración de Patrimonio da Humanidade como parte do Camiño de Santiago do Norte Peninsular. Ademais o mosteiro está incluído no catálogo das Normas Subsidiarias Provinciais.

O mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes é un elemento significativo do patrimonio cultural galego e español, situado nunha zona rural do interior que ademais forma parte do Camiño de Santiago do Norte, recentemente recoñecido como Ben Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

Perséguese aumentar o atractivo deste ben cultural pertencente ao patrimonio mundial, potenciando o seu interese público e a súa función e significación como fito cultural relevante dun amplo territorio e do itinerario cultural histórico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura dun convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

